



Visto o Proxecto de Orde que se relaciona de seguido e o expediente elaborado ao efecto:

Orde do ____ de ____ de 2017, pola que se aproba o Regulamento das indicacións xeográficas protexidas Ternera Gallega e Vaca e Boi de Galicia e do seu Consello Regulador común e se nomea o consello regulador provisorio.

Vistos os artigos 30.I.3 e 27.10, 11 e 30 do Estatuto de Autonomía de Galicia e normativa de desenvolvemento;

Visto o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 166/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Vistos a Resolución de Inicio, o acordo previo de tramitación da norma, así como os informes do Servizo Técnico Xurídico e da Asesoría Xurídica, e logo da exposición na páxina Web da Consellería e na de Transparencia da Xunta de Galicia sen que se tivera presentado observacións co texto,

Esta Secretaría Xeral Técnica acorda informar favorablemente o proxecto enriba citado.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2017

A secretaria xeral técnica,

María del Carmen Bouso Montero

